


<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	BRIÓN
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Xulián de Bastavales
<b>Dirección</b>	Lugar de Soigrex, s/n. 15280
<b>s</b>	42.866667 -8.678333
 Image not found or type unknown	

A arquitectura relixiosa en Bastavales está representada pola igrexa de San Xulián na que se traballa dende 1768. É de planta de cruz latina cunha única nave. Un detalle curioso é que mentras as demais igrexas están mirando cara oriente, a de San Xulián está orientada cara o occidente para, deste xeito, poder ve-las torres da Catedral de Santiago dende a porta principal. É na veciña aldea de Soigreja dende onde Rosalía oía as campás da igrexa de Bastavales “Campanas de Bastavales, cando vos oio tocar mórrome de soidades”. Hoxe en día aínda se pode disfrutar do son das campás, sobre todo en días especiais, en que cun pouco de sorte podemos escoitar como o campaneiro as fai “bailar” a ritmo de muiñeira.

[Concello de Brión](#)

San Xulián de Bastavales é unha parroquia que se localiza no leste do concello de Brión. En San Xiao de Bastavales hai unha igrexa construída na metade do século XVII sobre un templo románico anterior que podería ser aquela á que Rosalía de Castro fai referencia no poema “Campás de Bastavales” do libro Cantares Gallegos.

Campanas de Bastavales,  
cando vos oio tocar,  
mórrome de soidades.

Cando vos oio tocar,  
campaniñas, campaniñas,  
sin querer torno a chorar.  
Cando de lonxe vos oio,  
Elas tocan pra que rece;  
penso que por min chamades,  
E das entrañas me doio  
Dóime de dor ferida,  
que antes tiña vida enteira  
i hoxe teño media vida.  
solo media me deixaron  
os que de aló me trouxeron,  
os que de aló me roubaron.  
Non me roubaron, traidores,  
¡ai!, uns amores toliños,  
¡ai!, uns toliños amores.  
Que os amores xa fuxiron  
as soidades viñeron...  
De pena me consumiron.

(Wikipedia - Bastavales - Brión)

## Descricion

### Campás

4 campás (3 + 1 do reloxo).

### Toques actuais de campás

<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Protección</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	15-06-2024

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<a href="#">Menor</a>	<a href="#">OCAMPO, MELCHOR (ARCOS DA CONDESA)</a>	1903	76	254
Torre-campanario	<a href="#">Campá do reloxo</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1933	90	422
Torre-campanario	<a href="#">Mediana</a>	<a href="#">OCAMPO, MELCHOR (ARCOS DA CONDESA)</a>	1899	106	690
Torre-campanario	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">OCAMPO, MELCHOR (ARCOS DA CONDESA)</a>	1902	120	1001

## Reloxos

<a href="#">Reloxo mecánico (1)</a>	<b>Existente Parado Torno</b>
<b>Autor</b>	<a href="#">PLACER Y LECEA</a>
<b>Data de construción</b>	1933
<b>Descricion</b>	

Información completa: [Igrexa de San Xulián de Bastavales - BRIÓN \(GALICIA\)](#)